Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME).

Datos correspondentes a outubro de 2026

Data de publicación: 03/11/2026

Principais resultados

- En outubro rexistrouse un incremento na creación de sociedades mercantís en Galicia, cun total de 395 novas empresas, 76 máis que no mes anterior. No acumulado dos dez primeiros meses do ano, as constitucións alcanzaron as 4.052 sociedades, o que supón un aumento do 6,7 % respecto ao mesmo período de 2025.
- As disolucións tamén aumentaron en outubro, con 99 sociedades afectadas, 13 máis que en setembro e 21 máis que no mesmo mes do ano pasado. No que vai de ano contabilizáronse 1.246 disolucións, un 7,1 % máis que no período equivalente de 2025.

1. Constitucións e ampliacións

A creación de sociedades mercantís recuperou dinamismo en outubro, despois da evolución dos dous meses anteriores. Neste mes constituíronse 395 sociedades en Galicia, 76 máis que en setembro. Esta evolución mantén en positivo o balance anual, xa que entre xaneiro e outubro se rexistraron 4.052 novas empresas, un 6,7 % máis que no mesmo período do ano anterior.

O capital subscrito polas sociedades constituídas situouse en 9,8 millóns de euros, cunha media de 24.858,26 euros por sociedade.

Número de sociedades mercantís constituídas e que amplían capital. Galicia. Outubro de 2026
Unidade: Número

	Dato do Mes	Variación absoluta mensual	Variación absoluta interanual
Sociedades constituídas	395	76	-3
Sociedades que amplían capital	83	10	-8

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

Capital subscrito e capital ampliado. Galicia. Outubro de 2026
Unidade: Capital (en euros)

	Dato do Mes	Taxa de variación mensual (%)	Taxa de variación interanual (%)
Sociedades constituídas	9.819.014	180,15	-61,78
Sociedades que amplían capital	14.272.662	55,34	-31,06

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

Pola súa parte, contabilizáronse 83 sociedades que ampliaron capital, dez máis que no mes anterior, aínda que oito menos que en outubro de 2025. O importe total do capital ampliado ascendeu a 14,3 millóns de euros.

Desde o punto de vista territorial, a creación de empresas concentrouse principalmente nas provincias da Coruña e Pontevedra, que reuniron conxuntamente case o 80 % das novas sociedades. A Coruña encabezou a distribución, con 161 constitucións (40,76 % do total), seguida de Pontevedra, con 153 (38,73 %). A continuación situáronse Lugo, con 45 sociedades (11,39 %), e Ourense, con 36 (9,11 %).

Sociedades mercantís constituídas segundo a provincia de inscrición. Galicia. Outubro de 2026
Unidade: Número, Porcentaxe

Espazo	Número	Porcentaxe
Galicia	395	100,00
A Coruña	161	40,76
Lugo	45	11,39
Ourense	36	9,11
Pontevedra	153	38,73

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

2. Demografía das empresas constituídas

A forma xurídica predominante entre as sociedades de nova creación continúa sendo a sociedade limitada. Das 395 empresas constituídas en outubro, 393 adoptaron esta modalidade, mentres que as dúas restantes corresponderon a outras formas societarias. Non se rexistrou ningunha constitución de sociedades anónimas.

As sociedades limitadas constituídas neste mes achegaron a totalidade do capital subscrito, cunha media de 24.984,77 euros por empresa.


Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia. Outubro de 2026
Unidade: Número, Euros

	Número	Capital	Capital medio
Sociedades Mercantís (Total)	395	9.819.014	24.858,26
Sociedades Anónimas (SA)	0	0	-
Sociedades Limitadas (SL)	393	9.819.014	24.984,77
Outras sociedades	2	0	0,00

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).
(–) Non procede

Polo que respecta á actividade económica, Actividades inmobiliarias, financeiras e de seguros foi a rama con maior presenza entre as novas sociedades, ao concentrar o 18,48 % das constitucións. As seguintes actividades en importancia son Hostalaría (co 13,67 % das constitucións rexistradas en outubro de 2026), Comercio (co 12,91 %), Construción (co 11,65 %) e Resto de servizos (co 11,65 %).

Sociedades mercantís constituídas segundo a actividade económica. Galicia. Outubro de 2026



Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

A distribución dos socios fundadores por sexo continúa amosando unha maior presenza masculina. En outubro rexistráronse 368 socios fundadores homes, que representan o 77,64 % do total, fronte a 106 socias (22,36 %).

Socios fundadores das sociedades mercantís constituídas segundo o sexo. Galicia. Outubro de 2026

Unidade: Persoas, Porcentaxe

Sexo	Dato	Porcentaxe
Homes	368	77,64
Mulleres	106	22,36
Total	474	100,00

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

As novas sociedades presentan unha estrutura societaria pouco numerosa: tres de cada catro empresas constituíronse cun único socio fundador (74,68 %), mentres que outro 21,27 % contou con dous socios.

3. Disolucións, reducións de capital e transformación de sociedades

En outubro de 2026 disolvéronse 99 sociedades mercantís en Galicia, 13 máis que no mes anterior e 21 máis que no mesmo mes de 2025. No balance dos dez primeiros meses do ano, as disolucións ascenderon a 1.246, un 7,1 % máis que as observadas no mesmo período do exercicio anterior.

Durante este mes tamén se rexistraron 13 reducións de capital social, así como 3 procedementos de fusión e 3 de escisión de sociedades.

O mes de outubro de 2026 pechou con 7 sociedades afectadas por concurso de acredores, 23 menos que no mesmo mes do ano anterior.

Sociedades mercantís con escisións, fusións ou en situación concursal. Galicia
Unidade: Número


Tempo	Realiza escisión	Fusionadas	Situación concursal
2025/Outubro	2	6	30
2026/Setembro	0	7	3
2026/Outubro	3	3	7

Fonte: IGE. Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME). (descarga da táboa).

4. Distribución das constitucións por concellos

A distribución territorial das novas sociedades nos últimos 12 meses evidencia unha concentración da actividade emprendedora nas áreas urbanas e nos concellos da súa contorna.

Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición nos últimos 12 meses. Galicia



Notas metodolóxicas

A Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) é unha operación estatística que elabora o Instituto Galego de Estatística (IGE) con carácter mensual. Na devandita explotación informativa do BORME, aténdese para facer os cálculos á data de publicación de cada incidencia.

O obxectivo desta operación é medir a demografía das sociedades mercantís en Galicia, ofrecendo información sobre os seguintes puntos:

- As empresas creadas, as que amplían e reducen capital, e as que desembolsan dividendos pasivos.
- Información sobre as empresas en situación concursal e as quebras, disolucións, extincións e transformacións de sociedades ocorridas no mes de estudo.
- Información sobre o número de socios fundadores das sociedades constituídas cada mes, así como da súa distribución por sexo.

Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Evolución das constitucións, ampliacións de capital, reducións de capital e disolucións de sociedades mercantís. Galicia
- Sociedades mercantís constituídas segundo a forma xurídica. Galicia e provincias
- Sociedades mercantís constituídas segundo a CNAE 2025. Galicia e provincias
- Distribución dos socios fundadores segundo o sexo e a forma xurídica da sociedade mercantil. Galicia
- Sociedades mercantís constituídas segundo o concello de inscrición
- Sociedades mercantís con escisións, fusións e concurso de acredores. Galicia